

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,
O 17 DE NOVEMBRO DE 2011,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se regula a certificación galega de competencias dixitais en ofimática.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Decreto polo que se desenvolven as normas básicas de ordenación das explotacións porcinas extensivas e se crea o Rexistro Galego de Explotacións de Gando Porcino Extensivo na Comunidade Autónoma de Galicia.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Acordo polo que se autoriza a adquisición de participacións do fondo de capital risco Fondo Tecnolóxico I2C, F.C.R. de réxime simplificado, por importe dun millón seiscentos cincuenta mil euros" (1.650.000 euros).

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do acordo da Comisión Bilateral de Seguimento, relativo ás áreas de rehabilitación integral na Comunidade Autónoma de Galicia, Plan Estatal de Vivenda 2005-2008 e Plan Estatal de Vivenda e Rehabilitación 2009-2012.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Instituto Enerxético de Galicia (INEGA) e a Fundación de la Asociación Técnica Española de Climatización y Refrigeración (FUNDATECYR), en materia de normativa enerxética edificatoria, por importe de noventa mil euros (90.0000,00 euros).

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Instituto Enerxético de Galicia (INEGA) e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, para a realización de accións formativas en materia de normativa enerxética edificatoria, por importe de vinte mil euros (20.000,00 euros).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación polo procedemento aberto da subministración enerxética prestacional e do servizo de mantemento e conservación de edificios, instalacións e equipos do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela, por un importe de cincuenta e catro millóns novecientos oitenta e dous mil setecentos noventa e sete euros con oitenta e catro céntimos (54.982.797,84 euros).

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a validación dos expedientes de gasto xerados pola execución de traballos (mes de outubro), nas cualificadas como "zonas C" por determinadas entidades con cargo aos orzamentos da anualidade 2011, por un importe total de trescentos sesenta e tres mil novecientos oitenta euros con corenta e catro céntimos (363.980,44 euros).

INFORMES

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia das obras de restauración e reposición dos leitos de diversos ríos nos concellos de Oia, Agolada e Baiona, na provincia de Pontevedra, para solventar a situación de grave perigo derivada do extraordinario temporal acaecido en Galicia o día 26 de outubro de 2011, por importe de cento sesenta e dous mil seiscentos corenta e cinco euros (162.645,00 euros).

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta do proxecto de Decreto polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

A XUNTA APROBA O DECRETO QUE REGULA A CERTIFICACIÓN DE COMPETENCIAS DIXITAIS EN OFIMÁTICA DE GALICIA

- ***Permitirá á persoa titular acreditar, ante calquera instancia pública ou privada, as súas competencias en tecnoloxías da información e as comunicacións***
- ***Establécese un mecanismo normalizado de acreditación dos coñecementos adquiridos en materia informática tanto para persoal da Administración pública como para o resto da cidadanía***
- ***Permitirá simplificar o acceso e promoción á función pública eliminando probas nesta materia***
- ***Ofrece ás empresas e ás administracións públicas un estándar de referencia á hora de avaliar o nivel de ofimática das persoas empregadas e das que aspiran a un posto de traballo***

O Consello do Goberno galego aprobou hoxe o Decreto que regula o proceso para obter un certificado de competencias dixitais en ofimática. Esta certificación, que será emitida pola Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, permitirá á persoa titular acreditar, ante calquera instancia pública ou privada, as súas competencias en tecnoloxías da información e as comunicacións, en materia de ofimática

Coa aprobación desta norma, a Administración autonómica establece un mecanismo normalizado de certificación de competencias dixitais en ofimática tanto para persoal das administracións públicas como para o resto da cidadanía. Ademais, ofrece ás empresas e ás administracións públicas un estándar de referencia á hora de avaliar o nivel de competencia en ofimática das persoas empregadas e das que aspiran a un posto de traballo.

Trátase, en definitiva, de promover a calidade da formación profesional, garantindo a competencia para prestar os seus servizos nun posto de traballo, das persoas que cumbran os requisitos necesarios para obter a certificación

Simplificación do proceso administrativo

No caso da Administración este sistema permitirá simplificar o acceso e promoción á función pública eliminando probas para comprobar os coñecementos nesta materia tanto de funcionarios como de opositores. Ademais, contribuirá a fomentar o uso eficiente e eficaz das tecnoloxías da información e as comunicacións na cidadanía galega e no persoal das administracións públicas.

A certificación poderase valorar como mérito ou establecer como requisito de participación nos procesos de provisión de postos de traballo ou de selección de persoal e como base obxectiva para a promoción profesional, nos termos que estableza a normativa reguladora da función pública da Xunta de Galicia. O desenvolvemento do

decreto abre a posibilidade de establecer nun futuro probas de acceso libre á cidadanía para obter o certificado.

Requisitos para obtención da certificación

Desde a entrada en vigor do decreto, poderán obter a certificación de competencias dixitais e ofimática as persoas que acrediten mediante certificado oficial ter superado os módulos formativos "Ofimática" ou "Tratamento informático da información" asociados a títulos de formación profesional. Tamén se lles outorgará unha certificación en competencias dixitais en ofimática de Galicia ás persoas que posúan un certificado de superación das actividades do Plan Formativo Ofimático de Galicia que desenvolve a Escola Galega de Administración Pública.

Plan Formativo Ofimático da EGAP

Este plan, que foi elaborado en colaboración coa Secretaría Xeral de Modernización e coa participación das consellerías de Educación, Traballo e a Dirección Xeral da Función Pública, inclúe na modalidade presencial, de teleformación ou por acceso libre as seguintes actividades formativas: sistema operativo, busca de información, internet/intranet e correo electrónico (30 horas); aplicacións informáticas de tratamento de textos (30 horas); aplicacións informáticas de follas de cálculo (50 horas); aplicacións informáticas de bases de datos relacionais (50 horas) e aplicacións informáticas para prestacións: gráficas de información (30 horas).

Durante o presente ano, a EGAP ten convocadas para estes cursos 3.500 prazas na modalidade de teleformación destinadas aos empregados públicos da Administración autonómica e convocou, neste último trimestre do ano, 1.000 prazas máis para a quenda libre. Mediante este último sistema os alumnos terán que superar un exame das materias que asegure o seu coñecemento.

As solicitudes para obter a certificación presentaranse mediante un formulario electrónico dispoñible na sede electrónica da Xunta.

O CONSELLO APROBA O DECRETO QUE REGULA AS EXPLOTACIÓNS PORCINAS EXTENSIVAS DE GALICIA E CREA O SEU REXISTRO

- ***A nova norma proporciona un marco estable de desenvolvemento deste sector na nosa Comunidade, impulsando ao mesmo tempo o aproveitamento ordenado destes recursos e dando un pulo á raza autóctona Porco Celta***

O Consello da Xunta aprobou o Decreto polo que se desenvolven as normas básicas de ordenación das explotacións porcinas extensivas e se crea o Rexistro Galego de Explotacións de Gando Porcino Extensivo na nosa Comunidade Autónoma. Con esta norma créanse as condicións necesarias para garantir o correcto desenvolvemento da produción porcina extensiva en Galicia, impulsando ao tempo o aproveitamento ordenado dos recursos produtivos naturais do medio rural galego e dando un pulo á raza autóctona Porco Celta.

Este texto legal parte do feito de que a explotación de porcino en extensivo representa unha clara opción na diversificación da actividade gandeira en Galicia, cun potencial económico de indubidable valor para o desenvolvemento do noso medio rural, na medida en que a posibilidade de xeración de rendas complementarias neste ámbito é unha medida positiva no obxectivo de evitar o despoboamento. Ata hai apenas dous anos a produción extensiva en España circunscíbíase ao ámbito de influencia do porco ibérico e desenvolvíase en Galicia en condicións precarias. O presente decreto proporciona un marco estable de desenvolvemento deste sector en Galicia.

Considérase, ademais, que a produción porcina extensiva acredita unha función coadxuvante no fomento e mantemento das razas autóctonas, na creación de rendas agrarias complementarias, na produción de alimentos diferenciados e, sobre todo, na fixación de poboación no eido rural.

O regulamento da produción porcina extensiva prodúcese no marco do Programa de conservación dos recursos zoonéticos de Galicia, e este novo decreto supón o pulo definitivo ao desenvolvemento do Porco Celta.

Fin da limitación á produción extensiva en España

Ata hai apenas dous anos a produción extensiva en España circunscíbíase ao ámbito de influencia do porco ibérico. De feito, a normativa vixente a nivel nacional desde 1981 limitaba esta produción a determinadas áreas do suroeste da Península Ibérica identificadas co territorio da "Dehesa" (zonas do sur de Castilla-León, Extremadura e Andalucía Occidental). Ata o ano 2009, coa publicación dun real decreto específico, non finalizou esta limitación, abríndose dende entón a posibilidade da produción extensiva de porcino a toda España.

Xa que logo, ata esta reforma legal a produción extensiva desenvólvese en Galicia en condicións precarias. Con esta modificación abriuse por fin a porta para dotar a nosa Comunidade do marco legal axeitado para fomentar este tipo de produción extensiva e moi en particular a da raza autóctona Porco Celta, cuxa produción se fai en extensivo. De aí que a publicación do presente decreto por parte da Xunta veña proporcionar un marco estable de desenvolvemento deste sector en Galicia.

Trátase, tamén, de fomentar o aproveitamento integral dos recursos endóxenos do territorio asociados a este tipo de produción extensiva (caso das landras, castañas, raíces e demais elementos que serven para a alimentación dos animais), conformándose estes, ademais, como verdadeiros “rozadores naturais” do monte.

Crecemento de Porco Celta

A raza autóctona galega Porco Celta experimentou un importante crecemento nos últimos anos, tanto desde o punto de vista cualitativo como cuantitativo. En relación co censo de animais, cómpre indicar que o seu número total (contabilizando exemplares reprodutores, verróns, porcas e de ceba) pasou duns 3.500 no ano 2008 a máis de 5.000 en 2011 (un 42,8% máis), mentres que a cantidade de granxas pasou de 240 a 319 no mesmo período (un 32,9% máis).

ECONOMÍA E INDUSTRIA ACTIVA O FONDO TECNOLÓXICO i2C PARA O FINANCIAMENTO DE PROXECTOS DE BASE TECNOLÓXICA CON FORTE COMPOÑENTE DE I+D+i

- ***A Xunta reserva un orzamento de 20 millóns de euros para a dotación deste fondo de capital risco***
- ***O Fondo i2C é pioneiro na Comunidade e está orientado a apoiar iniciativas altamente innovadoras e a estimular e atraer investimentos de cara á I+D+i galega***
- ***O Fondo desenvolverase ao abeiro do Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento (I2C) 2011-2015, para facer máis eficaces os apoios ao financiamento de iniciativas tecnolóxicas***
- ***A Consellería de Economía e Industria traballa xa no estudo, captación e busca de proxectos e tamén de investidores privados interesados en participar e aumentar o Fondo i2C***
- ***O novo Fondo Tecnolóxico resulta especialmente interesante para as pemes de sectores considerados estratéxicos na economía galega e cun claro perfil de crecemento (biotecnoloxía, nanotecnoloxía, TIC, sanidade, educación, seguridade e enerxías alternativas)***

O Consello da Xunta autoriza a Consellería de Economía e Industria para activar o Fondo Tecnolóxico i2C para impulsar a creación e posta en marcha de proxectos empresariais de base tecnolóxica cun forte compoñente de I+D+i. Este fondo de capital risco, que se desenvolverá ao abeiro do Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento (I2C) 2011-2015, é pioneiro na Comunidade Autónoma e está orientado a mellorar a eficacia dos apoios ao financiamento destas iniciativas.

A Xunta de Galicia reserva un orzamento de 20 millóns de euros para a dotación do Fondo Tecnolóxico i2C. O capital risco implicará un sistema de apoio financeiro público-privado que aumentará a exixencia nos resultados para as empresas, reinvestindo nas arcas públicas os beneficios, para continuar apoiando novos proxectos.

A creación do Fondo Tecnolóxico é parte do cambio cultural promovido polo Plan i2C, que concentra un 23% dos seus recursos orzamentarios na innovación empresarial. Esta visión estratéxica baséase na unión da investigación e a innovación co espírito emprendedor e cunha perspectiva baseada na colaboración do eido público e privado. Nesta estratexia, os centros públicos de investigación teñen que facer compatible a súa traxectoria de calidade investigadora cunha maior capacidade de valorización co coñecemento, mentres que as empresas deben sistematizar a rendibilizar estes resultados no mercado.

Estimular e atraer investimentos á I+D+i galega

O novo fondo está orientado a apoiar iniciativas cun alto compoñente de innovación e mais a estimular e atraer investimentos de cara á I+D+i galega. Neste sentido, cómpre

sinalar que, dende a Consellería de Economía e Industria, se está a traballar xa no estudo, captación e busca de proxectos e tamén de investidores privados interesados en participar e aumentar o Fondo i2C.

O financiamento privado materializarase como resultado da invitación a participar neste compromiso a patrimonios familiares e privados, empresas, entidades financeiras e sociedades e fondos de investimento, o que permitirá aumentar a aposta económica nos proxectos e compartir o risco asociado a eles.

O Fondo Tecnolóxico i2C resulta especialmente interesante para as pemes de sectores considerados estratéxicos na economía galega e cun claro perfil de crecemento. De xeito que se primarán os investimentos en iniciativas ligadas á biotecnoloxía, nanotecnoloxía, ás tecnoloxías da información e das comunicacións (TIC), á sanidade, á educación, á seguridade e ás enerxías alternativas.

A XUNTA APROBA UNHA PARTIDA DE 22 M€ PARA AS ÁREAS DE REHABILITACIÓN DE 34 CONCELLOS, QUE MOBILIZARÁN UN INVESTIMENTO INDUCIDO DE 85 M€ PARA A MELLORA DE VIVENDAS E EDIFICIOS

- *Este acordo adoptado hoxe polo Consello da Xunta permite desbloquear a cantidade (22 M€) que o Ministerio de Fomento debe aos concellos con área de rehabilitación*
- *A débeda orixínouse por un informe da Intervención Xeral do Estado indicando que o ministerio non podía pagar directamente aos concellos, senón que o tería que facer a través da Comunidade Autónoma*

A Xunta aproba unha partida económica de 22 millóns de euros para as áreas de rehabilitación de 34 concellos galegos, que mobilizarán un investimento inducido de 85 millóns de euros para a mellora de vivendas e edificios.

O Instituto Galego de Vivenda e Solo pagará aos concellos galegos con áreas de rehabilitación (ARIS) as cantidades que debe o Ministerio de Fomento, segundo o acordo bilateral que hoxe aprobou o Consello da Xunta de Galicia. O pagamento desta débeda realizarase con cargo a ingresos realizados polo ministerio ou remanentes achegados á Xunta de Galicia polo mesmo e non empregados por esta.

Con este acordoponse solución ao problema derivado dun informe da Intervención Xeral do Estado, de finais de xullo de 2010, que indicaba que o ministerio non podía pagar directamente as axudas aos concellos, como viña facendo desde a creación das áreas de rehabilitación en 2006, senón que tería que facelo a través da Comunidade autónoma. O acordo deberá ser referendado polos concellos afectados, que teñen convenios asinados co ministerio que indican que este pagará directamente as súas axudas.

O atraso no pagamento das axudas do Ministerio de Fomento ascende a 22.846.056 euros, que serán pagados en tres anualidades:

2011: 11.767.999,39 euros

2012: 10.396.946,61 euros

2013: 682.110 euros

En total serán 34 concellos de toda Galicia os que se benefician do acordo aprobado polo Consello da Xunta de Galicia, dos cales 11 se atopan na provincia da Coruña (19 Áreas de Rehabilitación): Betanzos, Corcubión, A Coruña, Ferrol, Mugardos, Muros, Neda, Noia, Padrón, Rianxo e Santiago de Compostela.

Outros 10 concellos son da provincia de Lugo (12 áreas de rehabilitación): Chantada, Lourenzá, Lugo, Mondoñedo, Monforte de Lemos, Quiroga, Ribadeo, Sarria, Vilalba e Viveiro.

Seis concellos corresponde á provincia de Ourense (8 áreas de rehabilitación): Allariz, Celanova, Ribadavia, Castro Caldelas, Ourense e Verín.

Finalmente, sete municipios son de Pontevedra (10 áreas de rehabilitación): Cambados, Cangas, Poio, Pontevedra, Tui, Vigo, Vilagarcía de Arousa e Vilaxoán.

Este acordo non afecta a outras áreas de rehabilitación que non teñen cantidades pendentes de pagamento. Na actualidade, Galicia conta con 55 áreas de rehabilitación declaradas en 38 concellos galegos, ademais da área dos Camiños de Santiago que inclúe un total de 107 municipios.

As actuacións conveniadas cos 34 concellos deste acordo, supoñen un investimento total de máis de 85 millóns de euros, destinados a actuacións de rehabilitación de vivendas e edificios realizados polos seus propietarios e obras de urbanización executadas polos concellos.

Do investimento total, 22,84 millóns de euros corresponden a axudas do ministerio; 20,53 a subvencións do IGVS; 10,03 a investimentos dos concellos en obras de urbanización e reurbanización; e 31,77 aos particulares propietarios de vivendas que se van rehabilitar.

ECONOMÍA E INDUSTRIA PROMOVE A EFICIENCIA ENERXÉTICA EN EDIFICIOS A TRAVÉS DA FORMACIÓN DE ESPECIALISTAS

- *O Inega colaborará co Colexio Oficial de Arquitectos e coa Fundación da Asociación Técnica Española de Climatización e Refrixeración para impartir preto de vinte cursos en materia de normativa edificatoria e certificación enerxética*
- *A acción encádrase na aposta estratéxica da consellería por promover un axeitado aproveitamento dos recursos enerxéticos*
- *Ao abeiro das distintas actuacións de aforro e eficiencia o departamento que dirixe Javier Guerra leva investidos nesta lexislatura 58,1 millóns de euros*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a Consellería de Economía e Industria, a través do Instituto Enerxético de Galicia (Inega), para a sinatura de acordos de colaboración para o fomento de accións formativas en materia de normativa enerxética edificatoria co Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG) e coa Fundación de la Asociación Técnica Española de Climatización y Refrigeración (Fundatecyr).

A iniciativa, a través da cal se promove o aforro e a eficiencia enerxética no ámbito da construción, encádrase na aposta estratéxica da Consellería de Economía e Industria por fomentar un axeitado aproveitamento dos recursos, conxugado co respecto escrupuloso ao ambiente.

En total serán preto de vinte cursos os que se celebren ao abeiro dos acordos autorizados hoxe polo Consello da Xunta. Así, a colaboración con Fundatecyr, para a que o Inega destina 90.000 euros, posibilitará a realización de 15 accións formativas relacionadas coas edificacións centradas nas auditorías enerxéticas, os métodos alternativos para a certificación enerxética e o regulamento de instalacións térmicas.

No marco do acordo de colaboración co Colexio de Arquitectos, para o cal o Inega achegará 20.000 euros, promóvense catro cursos centrados no programa informático Calener, que permite determinar o nivel de eficiencia enerxética correspondente a un edificio, tanto no momento de proxectar e calcular as instalacións como para realizar a súa certificación enerxética.

Ao abeiro das distintas actuacións de aforro e eficiencia, o departamento que dirixe Javier Guerra leva investidos nesta lexislatura 58,1 millóns de euros, que xeran a mobilización de investimentos por valor de 167,6 millóns e un aforro económico de 89,6 millóns de euros.

Outras actuacións na edificación

O Inega desenvolve as súas actuacións no sector da edificación a través de dous grandes campos de acción: as liñas de axuda para o aforro e a eficiencia enerxética, dun lado; e os plans renove relacionados co sector, doutro. No primeiro punto inclúense

axudas á rehabilitación da envolvente térmica dos edificios existentes, subvencións para a mellora da eficiencia enerxética; e axudas para a construción de novos edificios con alta cualificación enerxética.

O PLAN DE EFICIENCIA ENERXÉTICA DO C.H. UNIVERSITARIO DE SANTIAGO PERMITIRÁ UN AFORRO DO 20% DO CUSTO ACTUAL

- ***O CHUS integra nun único contrato a xestión da subministración enerxética prestacional e o servizo de mantemento por un importe total de preto de 55 millón de euros***
- ***Levaranse a cabo as actuacións de mellora e renovación de instalacións necesarias para garantir o dito aforro***

O Consello da Xunta reunido no día de hoxe autorizou a contratación para a subministración enerxética prestacional e do servizo de mantemento e conservación de edificios, instalacións e equipos do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago, por un importe de 54.982.797 euros, distribuído en oito anualidades.

Enténdense comprendidos dentro do mantemento de edificios e instalacións, o servizo de operación e mantemento enerxético e servizo de mantemento xeral, que implicarán as actuacións de mellora e renovación das instalacións que sexan necesarias para garantir un aforro enerxético mínimo do 20%.

Están comprendidos dentro do obxecto do contrato, a subministración de enerxía eléctrica, de gas natural, de gasóleo, así como o servizo de mantemento de edificios e instalacións e a subministración dos respostos eléctricos de climatización asociados a estas instalacións.

Con esta contratación, Sanidade garante a normal subministración dos combustibles e enerxía necesarios para o normal funcionamento dos centros hospitalarios que integran o CHUS, así como o mantemento de edificios e instalacións, de modo tal que, tanto a temperatura como a iluminación dos centros en que se dispensan as prestacións propias deste servizo público, sexan as adecuadas en tempo e forma ás necesidades reais existentes, garantindo o confort e habitabilidade das institucións sanitarias, tanto aos usuarios como aos profesionais que dispensan no seu ámbito as súas funcións profesionais.

Plan de eficiencia enerxética

Esta iniciativa posta en marcha pola Consellería de Sanidade enmárcase partindo da configuración do CHUS como un centro consumidor de enerxía, para os efectos do establecido polo Plan para promover a eficiencia enerxética nos edificios públicos ao cal a Comunidade Autónoma de Galicia se adheriu a través do instituto Enerxético de Galicia (Inega), mediante a aprobación polo Consello da Xunta en maio de 2011.

De acordo con este Plan de Eficiencia Enerxética, o Inega financiará ata o 15% do custo dos investimentos, cun máximo de 911.250 euros en actuacións de aforro e eficiencia enerxética e de enerxías renovables (de xeración térmica) que se leven a cabo no CHUS.

Unha vez executadas as melloras nas instalacións, o adxudicatario deberá remitir un certificado no que se establezan as condicións de execución finais do proxecto que reflectan o importe final do custo das medidas de aforro e eficiencia enerxética e de enerxías renovables implantadas.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA OS PAGAMENTOS CORRESPONDENTES ÁS TAREFAS DE REXENERACIÓN DE ZONAS C DO MES DE OUTUBRO

- ***Os pagamentos efectuaranse ás confrarías de Ferrol, Barallobre, Miño, Pontedeume, A Coruña e Baiona***

O Consello da Xunta autorizou hoxe os pagamentos correspondentes aos traballos do mes de outubro de rexeneración de zonas C para as confrarías de Ferrol, Barallobre, Miño, Pontedeume, A Coruña e Baiona.

As cantidades que se remitirán ás confrarías polos labores de rexeneración das zonas C supoñen un total de preto de 364.000 euros, dos cales corresponden á confraría da Coruña máis de 64.000 euros, á de Ferrol máis de 192.000 euros, á de Barallobre máis de 67.000 euros, á de Miño máis de 22.400, á de Pontedeume preto de 11.000 euros e á de Baiona máis 7.100 euros.

Simultaneamente, o departamento que dirixe Rosa Quintana traballou na clasificación das localizacións para o desenvolvemento dun sistema de reinstalación, de feito, a semana pasada a consellería publicou na súa páxina web, para información pública, o borrador da orde pola que se declaran e clasifican as novas zonas de reinstalación de moluscos bivalvos procedentes de zonas C, para posibles alegacións.

Unha vez publicada a orde no *Diario Oficial de Galicia*, as confrarías interesadas poderán trasladar os moluscos das zonas C á zona de reinstalación para a súa depuración e posterior venda en fresco. A Consellería do Mar estima que permitirá recuperar en Galicia unha produción dunhas 450 toneladas anuais máis de moluscos bivalvos que xerarían arredor de 6 millóns de euros de valor no mercado.

A XUNTA APROBA A EXECUCIÓN DE SEIS OBRAS DE EMERXENCIA NOS CONCELLOS DE OIA, BAIONA E AGOLADA PARA MINIMIZAR OS PROBLEMAS DERIVADOS DO TEMPORAL EN PASADAS SEMANAS

- ***Augas de Galicia destinará unha partida orzamentaria de máis de 150.000 euros para realizar obras de restauración e reposición de leitos dos ríos Broi, Seco de Viladesuso, Vilar, Lavandeira e Rego do Val de Aguieira, en Oia; do río Groba en Baiona; e a reconstrución da ponte sobre o rego do Porto Marcelín en Agolada***
- ***O elevado incremento de caudal e o arrastre de materias das riadas obstaculizaron o fluxo da auga e incrementouse a intensidade das puntas de enchente, a erosión e sedimentación***
- ***Estas actuacións permitirán mellorar a seguridade das persoas e os bens fronte ao risco de inundacións***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o importe para a execución de seis obras de emerxencia nos concellos de Oia, Baiona e Agolada para minimizar os problemas derivados do temporal que afectou en semanas pasadas a ditas localidades da provincia de Pontevedra.

Estas actuacións contan cun investimento de 164.645 euros financiados na súa totalidade polo Goberno galego e que serán executados neste mesmo ano. Con esta medida actúase de forma inmediata ante un problema de seguridade xurdido por causas naturais, ao mesmo tempo que se mellorará puntualmente o estado do río Groba, os regos da bacía de Viladesuso e o rego do Porto Marcelín.

As actuacións de emerxencia que se executarán consistirán na restauración e reposición dos leitos dos ríos nos concellos afectados. Procederase á apertura de leitos e retirada de sedimentos e arrastres, reparación dos problemas estruturais: erosión en muros, afeccións a pontes e camiños, así como o acondicionamento e limpeza do leito para evitar novas inundacións de forma inmediata en caso de novas choivas; tamén se procederá á revisión xeneralizada das infraestruturas de protección de marxes en zonas estremeiras que poidan estar en situación precaria cara a actuacións de reforzo.

En resumo as actuacións son:

- Restauración e reposición dos leitos dos ríos Broi, Seco de Viladesuso, Vilar, Lavandeira e Rego do Val de Aguieira no concello de Oia.
- Reposición e restauración do leito do tramo Media Aldea-Ponte Sabarís do río Groba e do tramo Ponte Sabarís-rotonda PO-522 do leito do río Groba, no concello de Baiona.

- Reconstrución da ponte sobre o rego de Porto Marcelín no concello de Agolada.
- Revisión de infraestruturas de protección de marxes nos ríos afectados nos concellos de Oia, Baiona e Agolada.
- Estudo de situación das zonas.

Estas actuacións permiten mellorar a seguridade das persoas e os bens patrimoniais e urbanos fronte ao risco de inundacións.

Temporal das pasadas semanas

O temporal acaecido en Galicia nas pasadas semanas provocou diversos danos nos leitos de varios ríos dos concellos de Oia, Agolada e Baiona.

Os técnicos do Servizo Territorial da zona Galicia Sur de Augas de Galicia inspeccionaron os danos e mantiveron un contacto permanente para a coordinación entre a Administración hidráulica de Galicia e os representantes municipais, co obxecto de programar as actuacións de emerxencia.

UN NOVO DECRETO PERMITIRÁ FACER ANTICIPOS NOS CATRO PRIMEIROS MESES DO ANO DAS AXUDAS DO DENOMINADO “PLAN CONCERTADO”

- ***O Consello da Xunta coñeceu hoxe o informe que dá conta do novo decreto de servizos sociais comunitarios –os que prestan os concellos- e o seu financiamento***
- ***Actualmente, estase ultimando o borrador deste decreto que se remitirá nas próximas semanas ao Consello Consultivo e que estará en vigor no primeiro trimestre do ano***
- ***O novo decreto establece dúas fórmulas de financiamento diferenciada: por unha banda, as axudas para a prestación de servizos sociais básicos; e, por outra, para a axuda no fogar para persoas dependentes, que se liquidará trimestralmente, e non nunha orde anual como ata o momento***
- ***Inclúe, ademais, unha maior coordinación entre concellos, deputacións e a Administración autonómica***

A Xunta está a ultimar actualmente un novo decreto de servizos sociais comunitarios – os que prestan os concellos- e do seu financiamento que permitirá facer anticipos, nos catro primeiros meses do ano, das axudas destinadas aos servizos sociais básicos que se financian a través do coñecido como “Plan Concertado”. Actualmente, está xa ultimado o borrador desta normativa, que se remitirá nas próximas semanas ao Consello Consultivo e que estará en vigor no primeiro trimestre do ano.

O Consello da Xunta coñeceu hoxe o informe que dá conta deste novo decreto, que se está ultimando actualmente e que se prevé que estea aprobado no primeiro trimestre do próximo ano.

O obxectivo desta normativa é optimizar e axilizar o financiamento que se proporciona desde a Xunta para colaborar na prestación dos servizos sociais comunitarios que prestan os concellos. A finalidade é mellorar aspectos claves para as facendas locais como son a “continuidade e estabilidade”, así como a celeridade neste financiamento.

Prodúcese, deste xeito, un cambio do procedemento que pasará da convocatoria anual de subvencións que se realizaba ata o momento a un proceso de transferencias de ciclo anual, agás no caso do servizo de axuda no fogar para persoas dependentes, que se liquidará de xeito trimestral.

Polo tanto, estableceranse dúas vías: por un lado as transferencias para financiar os servizos sociais comunitarios; e, por outra banda, un financiamento independente para a axuda no fogar para persoas dependentes.

No que se refire á primeira vía, a Xunta realizará -logo da aprobación deste decreto- transferencias aos concellos para financiar os seus servizos sociais. Isto é, estas axudas xa non se regularán por unha orde anual de subvención.

En concreto, as transferencias serán para financiar, como ata agora, os gastos de persoal, o servizo de axuda no fogar na modalidade de prestación básica, e a xestión e realización doutros programas de servizos sociais comunitarios.

Un dos principais avances que introducirá esta normativa é que permitirá adiantar aos concellos no primeiro cuadrimestre do exercicio unha contía equivalente á metade do recibido no exercicio anterior no concepto de financiamento básico. O resto da partida, ata chegar ao total concedido, farase efectivo mediante un segundo anticipo, cuxo importe será a diferenza entre a contía total asignada e o xa percibido inicialmente, logo de examinar os proxectos que presenten os concellos.

Axuda no fogar para persoas dependentes

Con respecto á segunda vía de financiamento, o novo decreto establecerá unha vía independente para o servizo de axuda no fogar para persoas dependentes.

A partir de agora, o financiamento para este concepto liquidarase de xeito trimestral, e non como ata agora a través dunha subvención anual. A contía calcularase en función do número de horas mensuais de atención prestadas e segundo un módulo de financiamento público e coñecido por todos os concellos que estará publicado no propio decreto.

Os cambios no modelo de financiamento non son as únicas novidades que incorporará este decreto. A normativa tamén definirá e regulará aspectos básicos de contido e funcionamento dos servizos sociais comunitarios, e establecerá criterios para a dotación de persoal destes (cadro de persoal e perfís profesionais necesarios), co fin de homoxeneizar a atención en todos os puntos da comunidade autónoma.

Ao mesmo tempo, a normativa tamén senta as bases para unha axeitada coordinación operativa entre os servizos sociais comunitarios e o resto do Sistema Galego de Servizos Sociais, determinando as competencias dos concellos, das deputacións e da propia Xunta de Galicia.